



Concello de Celanova – RAMALLOSA 2012

BASES DE PARTICIPACIÓN

- 1.- Habrá 3 modalidades de premios:
 - A.- Faroís artísticos confeccionados polos propios participantes
 - B.- Ramos tradicionais engalonados con faroís propios ou dos repartidos pola organización
 - C.- Fachada ou ó local comercial mellor adornado con faroís propios ou dos repartidos pola organización
- 2.- Para optar ós premios é obrigatorio inscribirse na Oficina de Turismo ou na Oficina de Información Xuvenil antes das 14,00 horas do día da Ramallosa e, nos casos A) e B), completar o percorrido tradicional da Ramallosa.
- 3.- Os grupos participantes no apartado A), ademais de portar o farol artístico deberán portar tamén ramos con faroís tradicionais encendidos.
 - 3.1.- Consideraranse faroís artísticos aquelas construcións que, seguindo os principios formais dun farol, reproduzan obxectos reais ou imaxinarios abertos á imaxinación artística dos seus autores.
 - 3.2.- Non se pon límite ningún ó tipo de material (papel, tela, plástico, etc.) utilizado para a confección deste tipo de faroís, sempre e cando o efecto que se consiga sexa o propio dun farol e o obxecto irradie luz do seu interior.
- 4.- Os participantes que opten ó apartado B), deberán portar un ramo de loureiro, carballo ou calquera outra especie arbórea autóctona, do que pendurarán os faroís encendidos.
- 5.- Non se permitirán vehículos motorizados.
- 6.- Os participantes que opten ó apartado C), deberán manter os faroís iluminados, cando menos en canto dura a Ramallosa.
- 7.- Os premios serán entregados no transcurso da verbena.
- 8.- Concederanse dous premios para cada modalidade:
 - Modalidade A:
 - 1º: 200 € concedidos pola organización
 - 2º: 100 € concedidos pola Mancomunidade Terra de Celanova
 - Modalidade B:
 - 1º: 200 € concedidos pola organización
 - 2º: 100 € concedidos pola Mancomunidade Terra de Celanova
 - Modalidade C:
 - 1º: 200 € concedidos pola organización
 - 2º: 100 € concedidos pola Mancomunidade Terra de Celanova
- 9.- O xurado será presidido polo Concelleiro de Cultura ou en quen delegue e estará composto por representantes de diversos colectivos socio-culturais da vila.
- 10.- Calquera imprevisto será resolto polo xurado no transcurso da Ramallosa e a participación no concurso implica a aceptación das presentes bases.
- 11.- O ramo da Ramallosa será sorteado cos números impresos nas pañoletas.

Celanova, 1 de xullo de 2012
O CONCELLEIRO DE CULTURA
JOSÉ LUIS FERRO